

Código do documento	Código do expediente
USG16I01F3	USG/2022/55
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
154E 2M6D 2706 624H 0GBL	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 19 DE ABRIL DE 2022.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Jéssica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e catro minutos do día dezanove de abril do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Jéssica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 11 DE ABRIL DE 2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 11 de abril de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 11 de abril de 2022.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 6 de abril de 2022, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se modifica a resolución do 11 de marzo de 2022 pola que se convoca un curso básico selectivo para o acceso á categoría de policía, escala básica dos corpos de policía local. DOG núm. 71 do 12-04-2022.
- Anuncio do 31 de marzo de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -Xefatura Territorial da Coruña-, de comunicación da data de ocupación e requirimento das follas de valoración correspondentes aos bens e dereitos afectados por unha instalación industrial (proxecto sectorial de incidencia supramunicipal), no concello de Culleredo. DOG núm. 72 do 13-04-2022.

Código do documento	Código do expediente
USG16I01F3	USG/2022/55
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
154E 2M6D 2706 624H 0GBL	

- Resolución do 6 de abril de 2022, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT236A). DOG núm. 74 do 19-04-2022.
- Resolución do 5 de abril de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade -Secretaría Xeral da Igualdade-, pola que se fai público o esgotamento do crédito da resolución do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento SI461A). DOG núm. 74 do 19-04-2022.
- Resolución do 11 de abril de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a adjudicación aos concellos da provincia dos espectáculos correspondentes ao programa Rede Cultural 2022. BOP núm. 71 do 13-04-2022.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Méndez Sánchez dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural:

“1.- Concerto POPSÍA

Un total de 240 persoas, alumnado de 4º de ESO e de 1º de Bacharelato dos institutos Universidade Laboral Blanco Amor e Rego de Trabe, xuntamente co Centro ocupacional A Escada asistirán o venres 22 de abril a dous concertos didácticos no salón de actos do edificio de Servizos múltiples.

Obxectivo: achegar ao alumnado á música en directo partindo dos clásicos da lírica galega de todos os tempos adaptados á sensibilidade do século XXI.

Descrición dada polo autor: *Pop, soul, rock, funky e outros ritmos en mestizaxe coas raíces da música galega. Isto é “Popsía” o no disco co que Fran Amil quere achegar os clásicos da lírica galega de tódolos tempos á mocidade do século XXI. Válese dun animoso ton de xúbilo que sorprende en moitos dos temas, algúns mesmo tradicionalmente tan pouco ligados ao alborozo como “Negra sombra”. Mendiño, Rosalía de Castro, Leiras Pulpeiro, Amado Carballo, Avilés de Taramancos, Antón Tovar, Xosé María Díaz Castro, Celso Emilio Ferreiro, Afonso X O Sabio e Valle-Inclán soan brillantes e como non o fixeran ata o de agora.*

Horario: de 10:00 a 11:00 e de 11:30 a 12:30 h”

2.2.2.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución de data do 07/04/2022 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 171, ao abeiro do Decreto 90/2002 de 28 de febreiro e da Ordenanza municipal reguladora da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da Sección Local do Rexistro de Animais de Compañía, a D.ª D. G. G.
- Resolución de data do 08/04/2022 pola que se concede a licenza municipal núm. 438 para uso especial de dominio público, para reserva de espazo de entrada e saída de vehículos (modalidade Reserva Permanente as 24 horas), para o local situado na Avda. de Vilaboa, núm. 22 – baixo dereita, da parroquia de Rutis, deste termo municipal, á D. V. M. N. C.

- Resolución de data do 08/04/2022 pola que se concede o cambio de titularidade da licenza para uso especial de dominio público, para reserva de espazo de entrada e saída de vehículos (modalidade Reserva Permanente as 24 horas), para o local situado na R/. Dereitos Humanos núm. 1, de Vilaboa, deste termo municipal, que ten a licenza número 282, á favor de D. J. J. B. R.”

2.2.3.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Intensidade
07/04/22	755	Conceder a ***7427** o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos) das cales dúas as compartirá con ***3171**	
07/04/22	756	Conceder a ***2841** o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña	
07/04/22	757	Conceder a ***9394** o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Obxecto da axuda	Importe
07/04/22	737	Se autorice, dispoña, recoñeza e ordene o pago ao beneficiario/a ***6010**	Correspondente aos recibos de auga do 3º trimestre de 2021 (73,63€) e o 4º trimestre de 2021 (72,63€). Os recibos de gas de datas 24/10/2021 (43,09€), 04/10/2021(38,53€), 21/11/2021 (27,52€). Recibo de luz de data 09/11/2021 (15,14€).	270,54 €
07/04/22	738	Se autorice, dispoña, recoñeza e ordene o pago ao beneficiario/a ***6137**	Pago do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2021.	70,62 €

Código do documento	Código do expediente
USG16I01F3	USG/2022/55
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 154E 2M6D 2706 624H 0GBL	

C.I.F. P-1503100-H

07/04/22	739	Conceder a ****5476* unha axuda económica	Pago de aluguer correspondente aos meses de decembro de 2021 (380€), xaneiro de 2022 (380€), febreiro de 2022 (380€) e parte de marzo de 2022 (18€).	1.158,00 €
07/04/22	740	Conceder a ***0274** unha axuda económica.	Pago de aluguer correspondente aos meses xaneiro, febreiro e marzo de 2022 (300€/mes) e parte de abril de 2022 (258€).	1.158,00 €
07/04/22	741	Conceder a ***8052** unha axuda económica.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril de 2022 (260€/mes) e parte de maio de 2022 (118€).	1.158,00 €
07/04/22	742	Se autorice, dispoña, recoñeza e ordene o pago ao beneficiario/a ***3729**	Correspondente a recibos de data de emisión 20/01/2021 (40,28€), 15/02/2021 (34,98€), 14/03/2021 (33,75€), 14/04/2021 (41,84€), 06/05/2021 (34,51€), 06/06/2021 (37,58€), 21/06/2021 (10,19€), 11/07/2021 (43€), 13/09/2021 (58,89€), 12/10/2021 (61,28€), 08/11/2021 (60,46€) e 08/12/2021 (59,38€).	516,14 €
07/04/22	745	Conceder a ***4724** unha axuda económica.	Pago de aluguer correspondente aos meses de novembro e decembro de 2021 (265€/mes), xaneiro e febreiro de 2022 (265€/mes) e parte do mes de marzo de 2022 (98€).	1.158,00 €
07/04/22	746	Se autorice, dispoña, recoñeza e ordene o pago ao beneficiario/a ****48567*.	Correspondente a ao pago dos recibos de comunidade de agosto a novembro de 2021 (50€/mes). Recibos de auga do 3º trimestre de 2021 (63,80€) e 4º trimestre de 2021 (64,51€). Recibo de luz de 2021 de data de emisión 13/10/2021 (52,13€).	380,44 €
07/04/22	747	Conceder a ***4776** unha axuda económica.	Pago de hipoteca correspondente aos meses de novembro e decembro de 2021 (400€/mes) e xaneiro de 2022 (358€).	1.158,00 €
07/04/22	749	Conceder a ***0563** unha axuda económica.	Para o pago de aluguer correspondente aos meses de novembro e decembro de 2021 (325€/mes), xaneiro de 2022 (325€) e parte de febreiro de 2022 (183€).	1.158,00 €

Código do documento	Código do expediente
USG16I01F3	USG/2022/55
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 154E 2M6D 2706 624H 0GBL	

07/04/22	758	Se autorice, dispoña, recoñeza e ordene o pago ao beneficiario/a ***9670**.	Pago do recibo de luz correspondente a facturas de data de emisión 25/11/2021 (49,20€) e 05/12/2021 (16,40€). Factura de gas de data de emisión 06/12/2021.	65,60 € 52,09€
07/04/22	759	Se autorice, dispoña, recoñeza e ordene o pago ao beneficiario/a ***0366**.	Correspondente ao recibo de auga ao 4º trimestre de 2021 (64,51€) e do recibo de luz de data de emisión 8/12/2021 (70,60€).	135,11 €
07/04/22	760	Se autorice, dispoña, recoñeza e ordene o pago ao beneficiario/a ***3295**.	Recibo de gas de data 21/12/2021.	16,90 €
07/04/22	761	Conceder a ***0317** unha axuda económica.	Pago de hipoteca, correspondente aos meses de decembro de 2021 (400€), xaneiro de 2022 (400€) e parte de febreiro de 2022 (358€).	1.158,00 €

C.I.F. P-1503100-H

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de diciembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Vixencia
07/04/22	748	Conceder a **5670*** a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade	10 anos
07/04/22	770	Conceder a **8058*** a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	10 anos

2.2.4.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

MÉRCORES 20 DE ABRIL

Biblioteca González Garcés do Burgo. 17.00 h:

Contos para bebés, con Raquel Queizás: *Chimpo de rá.*

Nenos/as de 0 a 3 anos.

Recollida de invitacións o mesmo día.”

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Código do documento	Código do expediente
USG16I01F3	USG/2022/55
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
154E 2M6D 2706 624H 0GBL	

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e nove minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H